

EAPN GALICIA

REDE GALEGA DE LOITA CONTRA A POBREZA

PLAN ESTRATÉXICO 2016-2019

Aprobado en Asamblea 28.6.2016

www.pobreza.gal



INDICE:

1. INTRODUCCIÓN. QUEN SOMOS.	3
2. O PROCESO	4
2.1. CRONOGRAMA:.....	7
2.2. DATAS DAS SESIÓN DE TRABALLO:	7
3. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN.	9
3.1. ANÁLISE DAFO EAPN 2016	9
3.2. ANÁLISE CAME- PLAN DE MELLORA.	12
4. PRINCIPIOS E VALORES DE EAPN-GALICIA.	17
6. VISIÓN E MISIÓN.	22
8. SISTEMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	30

ABREVIATURAS.

CAME	CORRIXIR, AFRONTAR, MANTER E EXPLOTAR
DAFO	DEBILIDADES, AMEAZAS, FORTALEZAS, OPORTUNIDADES
EAPN-GALICIA	REDE GALEGA DE LOITA CONTRA A POBREZA
FEGAMP	FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
FFEE	FONDOS ESTRUTURAIOS EUROPEOS
G.L.	GRUPOS LOCAIS
G.M.	GRUPO MOTOR
IRPF	IMPOSTO SOBRE A RENTA DAS PERSOAS FÍSICAS
L.E.	LIÑA ESTRATÉXICA
O.E	OBXECTIVO ESTRATÉXICO
ONG	ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS
P.E.	PLAN ESTRATÉXICO
PEP	PERSOAS QUE EXPERIMENTAN A POBREZA
TIC	TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN
TSAS	TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL
UDC	UNIVERSIDADE DA CORUÑA
UDS	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
X.D	XUNTA DIRECTIVA

1. INTRODUCCIÓN. Quen Somos.

EAPN-Galicia nace co obxectivo de ser un instrumento útil e eficaz na contribución da loita contra a pobreza e a exclusión social.

Para iso entre as nosas tarefas realizamos un traballo de interlocución e incidencia política e social á hora de defender as propostas e preocupacións das persoas que forman parte das entidades que integran a Rede Galega de Loita contra a Pobreza.

Creemos firmemente nun terceiro sector democrático e participativo no que a defensa dos dereitos das persoas e da súa dignidade sexa unha das principais loitas.

A Rede Galega de Loita Contra a Pobreza é unha organización non lucrativa e de acción social que reúne ás organizacións autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos dos colectivos en risco e da súa participación comunitaria plena.

EAPN Galicia nace en setembro de 2008 como resposta natural á necesidade de crear unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia.

Actualmente, componse de 128 ONG a través de 24 entidades membro representativas de persoas vulnerables, que conectan en rede os seus esforzos para conseguir sinerxias e crear unha plataforma que denuncie as desigualdades sociais e que canalice e dea voz ás demandas do sector para a súa introdución na axenda política.

EAPN-Galicia non entende o seu traballo sen unha intensa actuación en rede, por iso é membro activo de EAPN España e forma parte da Rede Europea de Loita Contra a Pobreza (EAPN Europa).

2. O PROCESO.

Metodoloxía:

Para a actualización do Plan Estratéxico da Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN-Galicia), establecéronse diferentes grupos de traballo no seo da organización que lideraron o proceso. Devanditos grupos estiveron constituídos por persoas da Xunta Directiva, Dirección e representantes da entidades locais pertencentes á rede, sendo as persoas participantes as seguintes:

→ Xunta directiva (XD).

- Presidencia. Antonio Hernández (FEAFES)
- Vicepresidencia. Mónica Permuy (Meniños)
- Secretaría. Eva Vera (Secretariado Xitano)
- Tesourería. Patricia Blanco (Autismo Galicia)
- Vogal: Eloina Ingerto (Juan Soñador)
- Vogal: Carlos Villar (Ecos do Sur)

→ Grupo motor (GM).

- Patricia Blanco (Autismo Galicia)
- Antonio Hernández (FEAFES)
- Daniel Bóveda (ACCEM)
- Pablo Martínez. (FEGADACE)
- Nacho Rodríguez (COGAMI)
- Alejandro Quiñoá (ACPP)
- Xosé Cuns (EAPN – Galicia)

→ Grupos Locais (GL)

- A CORUÑA.
 - Carlos Villar (Ecos do Sur)
 - Mónica Permuy (Fundación Meniños)
 - Maite Serra (Fundación Secretariado Gitano)
 - Elena Antelo (COGAMI)
 - Ana González (Fundación Meniños)
 - Pepe Rodríguez (Down Coruña-Down Galicia)

- Ourense
 - Nuria García (Fundación Juan Soñador)
 - Raquel Crespo (APES)
 - Iria Sánchez Fundación Amaranta)
 - Susana Rodríguez (Down Ourense -Down Galicia)
 - Mónica Limia (COGAMI)

- Vigo / Pontevedra
 - Juncal Blanco (Emaus)
 - Julio Barreiro (ARELA)
 - Gorka de Luis (Fundación Secretariado Gitano)
 - Gael González Elezpuru (Erguete)
 - Bibiana Vilariño (Caritas Tui Vigo)
 - Paula Villaverde (Down Pontevedra Xuntos-Down Galicia)
 - Pepa Vázquez e José Antonio Ramírez (Boa Vida Inclusión Activa)

- Santiago de Compostela
 - Sonia Caldas (Down Galicia)
 - Mila Budiño (ARELA)
 - Juani Tubío e Catuxa Pereira (COGAMI)
 - Lucía Maqueira (Humanismo y Democracia)
 - Tania Jácome (ACPP)
 - Lucía Fandiño (AGADEA-FAGAL)
 - Rocío García (Sarela-FEGADACE)

- Dirección EAPN Galicia.
 - Xosé Cuns

- Consultor Análisis y Desarrollo Social Consultores.
 - Luis Pemán

O proceso participativo para a elaboración do Plan organizouse en diversas fases, durante as cales se foi recollendo información de interese e organizándoa por produtos:

FASES:

- Fase 0. Reunións previas. Análise de documentación.

Axuste e coordinación dos procesos e pasos metodolóxicos. Revisión de información institucional e consulta de fontes secundarias de interese.

- Fase 1. Análise e diagnóstico da situación actual.

Nesta fase, utilizouse como apoio os documentos de seguimento e avaliación do Plan Estratégico 2013-2015 (PE-13-15) elaborados pola Dirección de EAPN-Galicia en diferentes talleres con persoas das entidades membro, en especial o realizado o 2 de marzo de 2016 previamente a Asemblea Xeral Extraordinaria. Nestas sesións realizouse unha análise sobre o alcance das metas establecidas no PE (13-15) así como novos retos e inquietudes a ter en conta no proceso de actualización do PE.

O diagnóstico da organización centrouse en determinados eixos temáticos básicos, acordados coa Dirección de EAPN-Galicia, en base aos documentos de avaliación e que permitiron aplicar diferentes técnicas e ferramentas metodolóxicas:

1. Revisión documental.
2. DAFO EAPN Galicia 2016
3. Análise comparativo DAFO EAPN Galicia 2013 – DAFO EAPN Galicia 2016.
4. Entrevistas abertas e sesións gripais de traballo.

- Fase 2 Determinación de obxectivos e estratexias

Sobre os resultados da fase anterior e a través dun contraste do diagnóstico cos novos retos do PE 2016-2019, acordáronse as estratexias a seguir pola rede.

Traballouse sobre as alternativas identificadas, actualizándose os seus obxectivos, accións e responsables na súa execución, seleccionándose aquelas que foron consideradas como máis pertinentes.

- Fase 3. Actualizar a misión e a visión.

Co obxectivo de incorporar na misión e visión de EAPN-Galicia os novos compromisos adquiridos co PE 16-19, desenvolveuse unha actualización das mesmas validándose a súa nova redacción cos grupos de traballo.

- Fase 4 Redacción do Plan de Acción e do Plan estratéxico.

Elaborouse unha versión borrador a cal foi validada pola Xunta Directiva, incorporándose os seus comentarios e observacións para posteriormente elaborar a versión final do PE 16-19.

- Fase 5 Deseño do Seguimento e avaliación.

Definición e deseño coa Dirección de EAPN Galicia dos indicadores e fontes de verificación do Plan Estratéxico 2016-19.

2.1. Cronograma:


TEMPO	FASES DESENVOLVIDAS
I.- Marzo – Abril 2016	<ul style="list-style-type: none"> • Fase 0. Reunións previas. Análise de documentación. • Fase 1. Análise e diagnóstico da situación actual. • Fase 2. Determinación de obxectivos e estratexias.
II.- Maio– Xuño 2016	<ul style="list-style-type: none"> • Fase 3. Actualización da misión e a visión. • Fase 4 Redacción do Plan de Acción e o Plan estratéxico. • Fase 5 Deseño do Seguimento e Avaliación.

2.2. Datas das sesións de traballo:

GRUPO DE TRABAJO	DATA	ACCIÓNS DESENVOLVIDAS
Grupo Motor	<ul style="list-style-type: none"> • 30-3-2016 	<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación Plan 2013-2015, DAFO e inquadanzas 2016-2018. • Análise de Liñas Estratéxicas.
	<ul style="list-style-type: none"> • 28-4-2016 	<ul style="list-style-type: none"> • Actualización Misión e Visión. • Validación Liñas Estratéxicas, obxectivos, accións e responsables.
	<ul style="list-style-type: none"> • 7-05-2016 	<ul style="list-style-type: none"> • Validación primeiro borrador Plan Estratéxico 2016-2019.
Grupo Local A Coruña	<ul style="list-style-type: none"> • 18-4-2016 	<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación Plan 2013-2015, DAFO e inquadanzas 2016-2018.
	<ul style="list-style-type: none"> • 19-5-2016 	<ul style="list-style-type: none"> • Validación Misión e Visión. • Validación Liñas Estratéxicas, obxectivos, accións e responsables.
Grupo Local Ourense	<ul style="list-style-type: none"> • 20-4-2016 	<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación Plan 2013-2015, DAFO e inquadanzas 2016-

		2018.
	• 12-5-2016	<ul style="list-style-type: none"> Validación Misión e Visión. Validación Liñas Estratéxicas, obxectivos, accións e responsables.
Grupo Local Vigo	• 21-4-2016	<ul style="list-style-type: none"> Avaliación Plan 2013-2015, DAFO e inquedanzas 2016-2018.
	• 19-5-2016	<ul style="list-style-type: none"> Validación Misión e Visión. Validación Liñas Estratéxicas, obxectivos, accións e responsables.
Grupo Local Santiago	• 21-4-2016	<ul style="list-style-type: none"> Avaliación Plan 2013-2015, DAFO e inquedanzas 2016-2018.
	• 25-5-2016	<ul style="list-style-type: none"> Validación Misión e Visión. Validación Liñas Estratéxicas, obxectivos, accións e responsables.
Xunta Directiva	• 7-6-2016	<ul style="list-style-type: none"> Aprobación Proposta PE EAPN-Galicia 2016-2019
Asemblea Xeral EAPN Galicia	• 28-6-2016	<ul style="list-style-type: none"> Aprobación definitiva PE EAPN-Galicia 2016-2019

ESQUEMA DO PROCESO



3. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN.

3.1. Análise DAFO EAPN 2016.

DAFO

Debilidades 2016.

- Escasa comunicación e incidencia con algunhas administracións e grupos de interese (Deputacións, Concello).
- Reforzar en EAPN e nas entidades comunicación interna: Mensaxes acordados a nivel central ou as do día a día non permean a entidades de primeiro nivel. Correos extensos e arduos. Simplificar.
- Excesiva confianza en redes sociais como ferramenta comunicación interna.
- Descoñecemento interno das accións realizadas, máis por falta de interese que por fallos na comunicación.
- Descoñecemento da EAPN a nivel local, nas entidades e na sociedade, soamente coñecen a rede algunhas persoas técnicas.
- Non hai campañas de difusión organizadas.
- Necesidade de afianzar/fortalecer ao interno e externo da rede a nosa visión/discurso de enfoque de dereitos fronte ao asistencialismo.
- Definir areas actuación claras.
- Hai un financiamento débil para manter os recursos humanos.
- Deberíamos de ter unha conexión e intercambio de comunicación máis dinámica para coñecer o traballo en rede, falta de canles de comunicación entre os diferentes grupos.
- Falta de hábito para o traballo en rede das entidades, aproveitamento de sinerxías, máis intercambio de experiencias e coordinación incluso para a intervención.
- Falta de recursos para coordinar a rede a nivel local, as entidades podemos participar pero non coordinar o traballo, é necesario a presenza.
- A centralización da rede en Santiago, necesidade de facer traballo local, desdobrando actos, rotando por cidades (por exemplo no Día internacional contra a pobreza)
- Necesidade de priorizar grupos de interese e determinar ata onde chega EAPN. Coidado co perigo de morrer de éxito por querer abarcar máis do que se pode
- Establecer "requisitos" de entrada en EAPN a cumprir polas entidades: código de conduta comunicación, Regulamento Réxime Interno
- Case sempre participan os mesmos.
- Argumentario mellorable
- Sobredimensionamento: a nivel EAPN é asumible, a nivel entidade é complicado, aínda que como técnicos deben organizarse.
- Participación baixa de persoas en risco de exclusión: nos encontros de participación e noutras actuacións.
- Escasa formación técnica que favoreza a participación e o acompañamento nas entidades e na rede.
- Escasa colaboración con outros actores que compartan a nosa misión (Colexios profesionais, universidade, economía social, etc)

Ameazas. 2016.

- Estigmatización da pobreza nos medios de comunicación (normalización)
- Falta de financiamento estable.
- Avance do discurso asistencialista: hai entidades (de fora da rede) que dan moi bo mensaxe de cómo axudar (Ex. Dame un kilo de comida) en contra do noso discurso de defensa de dereitos.
- Politización da Rede (entendida como partidismo)
- Morrer de éxito polas expectativas e capacidade de solvencia xerada ao exterior, a cal en ocasións pode superar a capacidade da Rede.
- Non utilizar perspectiva de xénero en toda a comunicación respondendo a realidade entidades.
- Competencia con grandes empresas en servizos sociais. Avanzar en cláusulas sociais e reservas de mercado.
- Financiamento Xunta perigo instrumentalización e que non se faga incidencia política.

Fortalezas 2016.

- Rede situada e recoñecida como interlocutor con grupos de interese.
- Incorporación de novas entidades de sectores diversos cada ano.
- Discurso potente, baseado en dereitos e aliñado con EAPN España
- Hai unha orientación moi clara do rumbo, prioridades e actividades de EAPN.
- Unha rede plural e diversa.
- As gañas de construír rede conxuntamente, non de competir.
- Recoñecemento de marca e capacidade de interlocución.
- Estrutura consolidada que posibilita funcionamento operativo.
- O coñecemento da realidade a nivel local
- Traballo en rede con CERMI, Coordinadora ONGD, Colexios profesionais
- EAPN recoñecida como Plataforma Terceiro Sector de facto.
- Innovación nas metodoloxías:Ex. Ágora.
- Capacidade alta na área de comunicación á hora de transmitir: opinións, análises dunha problemática, datos contrastados, etc..
- Contase con entidades especialistas en diversos ámbitos que permite xerar coñecemento e posicionamento.
- Rede solvente ante medios de comunicación.
- Respostas rápidas na relación cos medios ou Administracións ante calquera consulta (non tanto socialmente)
- Grupo comunicación activo.
- Presenza en foros de interlocución.
- Boa experiencia grupo sectorial RISGA.

Oportunidades. 2016

- As TICS como oportunidade de chegar a máis xente e promover a participación.
- A irrupción de novas formacións políticas.
- Incidir máis na sensibilización respecto a pobreza en centros educativos.
- Estar en espazos privilexiados de relación e cooperación (Comités de Seguimento dos FFEE)
- A sensibilidade cara á pobreza e a exclusión que esta a posicionarse na axenda política de interese.
- Maior sensibilización social.
- Traballo en rede con ONGD, empresas de economía social de solidaria, colexios profesionais, etc
- Dar unha mensaxe de cómo *axudan* as entidades non asistencialistas, inclusión e empoderamento.
- Recoñecemento das administracións fai que haxa máis presión para dar resposta.
- A nivel local non nos coñecen, nin para ben, nin para mal.
- Sentencia positiva IRPF.
- Posible financiamento Xunta de Galicia.
- Colaboracións con Universidades. Potenciar estas relacións estendendo a colaboración para outros ámbitos como a formación, RRHH
- Potencial de impulso do voluntariado corporativo de calidade.
- Aproveitar perfiles profesionais dentro das entidades, poñer en valor para formación específica, intercambio formación, metodoloxías de traballo (lectura fácil, FFEE,)
- Evolucionar dunha rede que traballa por causas compartidas a unha rede que traballa por causas comúns.
- Traballar liñas de sensibilización coas empresas. En referencia a condicións laborais, etc. Unido ao traballo coa Administración para levar a cabo cambios normativos. EJ: sensibilizar á Administración para que non contrate ou conceda subvencións a empresas con falta de pagamentos a traballadores, ERES, etc.
- Visibilizar tamén o rural, non soamente os municipios urbanos.

3.2. Análise CAME- Plan de Mellora.

O nome da Análise CAME vén das iniciais “Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar”. Esta análise pode ser interpretado como unha ampliación da Análise DAFO. Desta forma, a Análise DAFO serve para facer un diagnóstico inicial de situación, e en Análise CAME serve para definir as accións a tomar a partir dos resultados do DAFO.

Neste sentido as lineas e accións priorizadas para o desenvolvemento do plan de mellora de fronte ao PE 16-19 son:

AVALIACIÓN PLAN ESTRATÉGICO 2013-2015		
Liña estratéxica 1:	Ser interlocutor de referencia con capacidade de incidencia en políticas sociais	Observacións /INQUIETUDES
¿VIXENTE?, SI - NON	Vixente. Necesidade de definir ámbitos de actuación referente a temas e institucións nas que desenvolver a incidencia	
OE1.1. Establecidas alianzas con universidades, colexios profesionais, entidades sociais e medios de comunicación.	¿QUE DEBEMOS INCORPORAR DE FRONTE AO FUTURO PLAN ESTRATÉGICO? <ul style="list-style-type: none"> Necesidade de fortalecer alianzas con Universidades e entidades de economía social e solidaria Oficina de Voluntariado UDC e USC, Colexio de Avogados/as (defensa gratuita denegacións RISGA, desafuzamentos, etc), Colexios Traballo Social e Educación Social, Xornalismo, medios de comunicación locais. 	
OE1.2. Ganado Espazo para a difusión da mensaxe da Rede	¿ QUE DEBEMOS INCORPORAR DE FRONTE AO FUTURO PLAN ESTRATÉGICO? <ul style="list-style-type: none"> Necesidade de fortalecer a comunicación interna, especialmente entre grupos de traballo (maior coñecemento de que se fai) Fortalecer ás entidades no que realizan e enriquecer a súa mensaxe co enfoque de pobreza/exclusión que manexa a rede. Promover unha linguaxe inclusivo e “fácil” para todo/as. Seguir sendo referentes en medios de comunicación. Coordinar e liderar as mensaxes para que a nivel local ou provincial tamén teña un impacto. Reforzar campañas tipo #Dereitos365 para chegar a poboación en xeral con discurso inclusión, utilizando as capacidades da sinerxias e traballo en rede do Grupo de comunicación. Impulso Grupo Comunicación, ampliando ás 128 entidades da rede. Avanzar en causas comúns, xa non tanto compartidas. Non hai sectores na loita contra a pobreza e a exclusión. Clave manter e asegurar ser fonte en coñecemento e propostas loita contra pobreza e exclusión en xeral (tres C), estadísticas. Newsletter. Reforzar difusión proactiva Guía Medios e Código conducta nos medios (xornalistas pero tamén en liñas editoriais -directores, xefes redacción) Reforzar atención a medios comunicación local 	
OE1.3. Incrementada a participación activa en foros de dialogo civil	¿ QUE DEBEMOS INCORPORAR DE FRONTE AO FUTURO PLAN ESTRATÉGICO? <ul style="list-style-type: none"> Identifícanse como retos: 	

	<ul style="list-style-type: none"> ○ Reforzar estrutura para xerar informes e propostas solventes. ○ Ir ao Consello Económico e Social. ○ Presenza activa en Comité de Seguimento FFEE ● Seguir sendo proactivos para a axenda política (“marcar as tendencias”), da mesma maneira que se fixo nas pasadas eleccións municipais. ● Formación, reforzo técnico para estar en FFEE e Consello Galego Benestar (transversal)
OE1.4. Acadados maiores niveles de interlocución política	<p>¿ QUE DEBEMOS INCORPORAR DE FRONTE AO FUTURO PLAN ESTRATÉXICO?</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Consolidar o nivel actual de interlocución en temas como vivenda, educación, emprego, etc. ● Delimitar esforzos como rede a nivel autonómico, deixando o nivel municipal para os grupos/entidades locais. ● Evitar posicionamentos concretos-particulares. ● Presenza como rede nos foros de diálogo civil municipais, como por exemplo o Consello Municipal de servizos sociais de Ourense. ● Consello Económico e Social. ● Importante facer incidencia no local pero agora non é prioritario por capacidade. Si incidir de xeito xeral, con documentos marco e incrementando relación coa FEGAMP e Consorcio Igualdade e Benestar (relación concellos) ● Deputacións. Inicio incidencia con presentación prioridades e liñas xerais..Decidir posteriormente se desenvolve ou impulsa en función da carga de traballo. ● Manter interlocución no que xa temos conseguido (Política social, FFEE, etc) analizando cada novo ámbito por se temos capacidade para asumilo. ● Incidencia xenérica para coordinación entre administracións, política e técnica. ● Incidencia xenérica a concellos vía FEGAMP, fomentando transparencia e sobre todo homoxeneidade criterios e datos na información pública, para poder comparar entre concellos (como se fixo en campaña Municipais co gasto social executado)

Liña estratéxica 2:	Liderar o proceso de articulación do terceiro sector de acción social en Galicia	Observacións /INQUIETUDES
¿VIXENTE?, SI - NON	Continúa estando vixente	
OE2.1. Incorporadas novas entidades á Rede	<ul style="list-style-type: none"> ● Necesidade de establecer uns criterios para a incorporación de novas entidades. Xa existe un camiño percorrido que marca quen son e como se traballa, ao cal se deben sumar as novas entidades. (Código de Conducta) ● Prantexar que tipo entidades entran por misión: so entidades TSAS (ONG) ou ampliar a Colexios Profesionais aplicando en actuacións de defensa de dereitos ● Asegurar presenza ONG xénero e medio rural e procurar diversidade sexual, AGARESO ● Fortalecer as entidades existentes, máis que entrada de novas entidades. ● Non Colexios profesionais (como novas entidades) pero si implicalos en grupos de traballo 	
OE2.2. Mellorada a comunicación da Rede coas súas entidades membro	<ul style="list-style-type: none"> ● Necesidade de mellorar a comunicación interna, especialmente entre G de T. (mellorar mecanismos de acceso a información de grupos, etc.) ● Aproveitar novos instrumentos ?TIC,s. 	

	<ul style="list-style-type: none"> Definir estrutura de comunicación con entidades adscritas a Federacions membro. Mais difusión, articulada que chegue a nivel local. Mellora comunicación interna para asegurar chegar a 128 entidades, formación temas transversais.
OE2.3. Integrados servizos entre entidades membro da Rede	<ul style="list-style-type: none"> Axustar o concepto “integrados”, referíndoo á creación dunha carteira de servizos/guía de recursos. Nube bibliográfica. Exposición de casos para crear políticas públicas. Maior comunicación e coordinación entre as entidades da rede a nivel local. Enfoque Xénero como algo transversal (pode comezar como unha comisión ou mellor taller previo) Impulsar programa piloto de Voluntariado de competencias (ou profesionais), tipo banco de tempo. Persoal dispoñible para substitucións puntuais (ex.se vai a persoa que xestiona Facebook e non hai substituto) Iniciativas compartidas: canal central das entidades: dúbidas, formación, servizos compartidos Plataforma comunicación e convocatoria: Google Drive, wiki, Foro, (parte externa e interna na web). Actualizar e impulsar Informe Quen somos? Con mapa recursos e servizos (externos e posibles servizos compartibles). Realización actividades compartidas EAPN/Entidades membro.
OE2.4. Rede promove a reflexión sobre a plataforma mais representativa do terceiro sector de Galicia	Non é un obxectivo, e máis unha meta ou acción.
En base ao exposto anteriormente, introducirías algún cambio (orde, denominación, etc.) ou algún novo obxectivo á Liña Estratégica?	Incluír unha liña estratéxica propia de participación das Persoas en Pobreza o Exclusión Social.

Liña estratéxica 3:	Consolidar a estrutura organizativa da Rede	Observacións /INQUIETUDES
¿VIXENTE?, SI - NON	Continúa vixente	
OE3.1. Optimizada a efectividade dos Grupos de Traballo	<ul style="list-style-type: none"> Necesidade de diferenciar dentro do Grupo de Traballo de Normativa a súa funcións de organización interna e incidencia política (Proposta creación de novo Grupo de incidencia). Como grupo Normativa revisar funcionamento elaborando axenda e substituíndoo por grupos Ad Hoc (ex. Vivenda, Emprego, etc) Mellora autonomía.responsables e grupos, non dependencia de técnico. Implantación ferramentas novas tecnoloxías para facilitar comunicación e acceso a información. Fortalecer Grupos Ad hoc. Temas concretos con técnicas concretas resultados concretos e medibles. Non pensar tanto en entidades senón en persoas (que non sexan as mesmas). Valorar posibilidade de participación de membros Xunta Directiva en grupos de traballo para facilitar comunicación e toma decisións. 	
OE3.2. Mellorada a xestión administrativa e dinamización da Rede	<ul style="list-style-type: none"> Facer encontros formais (reunións de traballo) coas entidades locais, marcando tempos, obxectivos, Protección de datos. Arquivos. Plan de reforzo comunicación interna e externa. 	

	<ul style="list-style-type: none"> • Mais estrutura en apartados como coordinación técnica procesos e grupos de traballo, comunicación, investigación e elaboración informes. • Reforzamento capacidade investigación e elaboración informes (coordinando coñecemento entidades Membro)
OE3.3. Asegurado o financiamento para o sostemento da estrutura	<ul style="list-style-type: none"> • Obter máis recursos para o impulso da rede a nivel local. Plantexar a posibilidade de presentarse a convocatorias municipais ou provinciais para a obtención de fondos que permitan o desenvolvemento de accións locais. • Continuidade IRPF. • Ofertar servizos. • Convenio pode prexudicar independencia ou prexudicar proactividad. Limitar orzamento sobre total financiamento EAPN.

Para a Elaboración do Plan Estratégico 2016-2019 e tendo en conta os resultados principais do diagnóstico establécense as seguintes recomendacións:

1. Diseñar un **Plan estratégico** acorde coas necesidades e prioridades de EAPN-Galicia para o seu fortalecemento organizativo e o das súas entidades membro.
2. Ter en conta **temas transversais** orientados a definir o seu modo de traballar, os seus principios e valores: Xénero e enfoque de dereitos.
3. Diseñar **liñas estratégicas internas** orientadas a paliar as principais debilidades de EAPN-Galicia: comunicación interna fronte ao local, participación da súa base social e persoas en situación ou en risco de pobreza, funcionamento autónomo dos grupos de traballo e a estabilidade e autonomía financeira.
4. Establecer **liñas de traballo externas** orientadas a afianzar a colaboración con entidades de interese, a fortalecer a participación activa en foros de diálogo civil e a promover unha maior interlocución política e técnica.
5. **Reorganizar o traballo**, para unha maior descentralización de accións ao nivel local, promover a incorporación de voluntariado e desenvolver unha labor de investigación.
6. Promover a **incorporación de novas entidades** e establecer un código de conduta que articule os compromisos das entidades pertencentes á rede.
7. Diseñar e socializar con todos os membros un **Plan de comunicación interno e externo** co fin de unificar criterios fronte o exterior e promover unha mellora da comunicación interna (entre os órganos de goberno, equipo de traballadoras/es, voluntariado e persoas participantes).
8. Establecer **espazos para a formación das entidades membro**, orientado ás necesidades das mesmas co obxectivo de mellorar a calidade das súas intervencións e do labor dos grupos de traballo.

4. PRINCIPIOS E VALORES DE EAPN-Galicia.

EAPN GALICIA subscribe como fundamento do seu propósito e criterio de actuación os seguintes referentes:

- A [Declaración Universal dos Dereitos Humanos de Nacións Unidas.](#)
- A [Convención sobre os dereitos do neno.](#)
- A [Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.](#)
- A promoción activa do respecto e protección dos dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución Española como fundamento da orde política e da paz social, que informan as actuacións da EAPN Galicia, e oriéntase con especial atención a facer reais e efectivos os principios reitores da política económica e social.
- O Estatuto de Autonomía de Galicia cando fala do dereito a participar na vida política, económica, cultural e social.

VALORES:

As relacións entre as persoas e as entidades que forman parte da Rede de loita contra a pobreza (EAPN Galicia) conduciranse conforme aos seguintes valores:

- Independencia.
- Participación activa.
- Compromiso.
- Colaboración.
- Transparencia.
- Innovación.
- Representatividade.
- Equidade de xénero.

Independencia

A Rede de loita contra a pobreza (EAPN Galicia) será independente de todo poder político, económico, relixioso ou doutro tipo alleo a ela mesma.

Obrará con independencia das súas entidades membro, ás que respectará na súa identidade e propia independencia.

Algúns condutas que ilustran o exercicio deste valor son as seguintes:

- Neutralidade no debate político partidista.
- Aconfesionalidade.
- Respecto pola singularidade e forma de traballar das entidades membro.

Participación activa

A Rede de loita contra a pobreza (EAPN Galicia) promoverá directamente, ou mediante a intervención das súas entidades membro, a participación social efectiva das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Obrará, nos seus obxectivos e procesos internos, favorecendo o desenvolvemento das capacidades das que as persoas e entidades dispoñen para ser quen de conducir o propio desenvolvemento persoal e institucional.

Algunhas condutas que ilustran o exercicio deste valor son as seguintes:

- Acceso a información sobre temas de interese.
- Promoción da iniciativa e a autonomía.
- Promoción de Grupos de traballo no ámbito local.
- Favorecemento dos procesos de participación nas entidades membro.
- Participación activa nos órganos representativos.
- Participación activa nos Grupos de traballo da Rede.
- Cooperación no desenvolvemento de redes locais, autonómicas, estatais ou internacionais.
- Contribución das entidades membro ao financiamento da Rede coa achega das cotas acordadas na Asemblea Xeral.

Compromiso

As persoas e entidades participantes na Rede de loita contra a pobreza (EAPN Galicia) estarán comprometidas coa misión da Rede e os procesos de inclusión das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Este compromiso persoal e institucional exprésase coa adopción dunha actitude proactiva a favor do desenvolvemento de accións e iniciativas que promovan o cumprimento da misión da Rede.

Algunhas condutas que ilustran o exercicio deste valor son as seguintes:

- Favorecemento de procesos de empoderamento das persoas participantes na Rede.
- Corresponsabilidade das persoas e entidades membro na toma de decisións.
- Corresponsabilidade das persoas e entidades membro na defensa dos dereitos das persoas.
- Orientación ao desenvolvemento de accións de transformación social.

Colaboración

A Rede de loita contra a pobreza (EAPN Galicia) contribuirá á defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de exclusión social participando en procesos de diálogo civil con outras institucións, poderes públicos e axentes sociais, dende un espírito de colaboración e contribución positiva e efectiva.

Este mesmo espírito guiará o comportamento das persoas e entidades na dinámica interna da Rede.

Algunhas condutas que ilustran o exercicio deste valor son as seguintes:

- Capacidade de diálogo e disposición á crítica construtiva no desenvolvemento do diálogo civil e no funcionamento interno da Rede.
- Apertura á participación doutros axentes sociais en iniciativas da Rede.
- Proactividade da Rede e as entidades membro na promoción de relacións de colaboración con outros axentes.
- Solicitude da colaboración cidadá para a consecución dos obxectivos da Rede.

Transparencia.

A Rede de loita contra a pobreza (EAPN Galicia) permitirá coñecer ás institucións da comunidade na que participa, e á cidadanía en xeral, os criterios e resultados da xestión e actuacións que executa para o desenvolvemento da súa misión.

A Rede de loita contra a pobreza (EAPN Galicia) promoverá comportamentos transparentes no terceiro sector de acción social de Galicia.

Algunhas condutas que ilustran o exercicio deste valor son as seguintes:

- Difusión de información da Rede a través da web e outros canais.
- Elaboración de memorias de actividades e económicas anuais.

- Favorecemento da comunicación con colectivos con diversidade funcional: emprego de distintos soportes, simplificación de contidos, adaptación de terminoloxía.
- Promoción da transparencia entre as entidades membro e o terceiro sector de acción social de Galicia.
- Promoción da comunicación fluída coas e entre as entidades membro.
- Favorecemento de fluxos de información entre organizacións do terceiro sector.

Innovación.

As persoas e entidades da Rede de loita contra a pobreza (EAPN Galicia) favorecerán o emprendemento e o desenvolvemento de iniciativas innovadoras en sintonía coa misión da Rede.

Algunhas condutas que ilustran o exercicio deste valor son as seguintes:

- Promoción das iniciativas innovadoras das entidades membro.
- Desenvolvemento de iniciativas propias da Rede.
- Favorecemento da colaboración entre persoas e entidades para a innovación social.

Representatividade.

As persoas e entidades da Rede de loita contra a pobreza (EAPN Galicia) quere asumir a responsabilidade de representar ao terceiro sector de acción social de Galicia.

Condúcese de forma democrática e aberta á contribución de persoas e institucións. Algunhas condutas que ilustran o exercicio deste valor son as seguintes:

- Todas as entidades membro teñen o mesmo peso na toma de decisións: unha entidade, un voto.
- Reclamación e utilización de espazos formais e estables de participación.
- Apertura á incorporación de novas entidades na Rede.

Equidade de xénero.

A Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) fai propio este principio polo cal se recoñece que tanto a defensa dos dereitos como a loita pola igualdade de oportunidades entre mulleres e homes realizarase acordo ás súas características, contextos e necesidades específicas, de forma directa, e transversal nos distintos ámbitos nos que interactúan, e que son obxecto de actuación dende EAPN Galicia, eliminando así toda forma de discriminación por razón de xénero.

Algunhas condutas que ilustran o exercicio deste valor son as seguintes:

- Vontade de que se implanten os principios e valores da equidade de xénero así como un plan de medidas de implementación no seo da propia Rede e no conxunto de entidades que a integran.
- Incorporar a perspectiva de xénero no análise e deseño de medidas e propostas contra a pobreza e a exclusión social.

5. VISIÓN E MISIÓN.

a. Visión.

A visión é a percepción de como podería ou debería chegar a ser a organización no futuro, despois de aplicar as súas estratexias e desenvolver adecuadamente as súas capacidades.

VISIÓN



*“EAPN Galicia-Rede Galega Contra a Pobreza lidera o proceso de articulación do terceiro sector social en Galicia, traballando por causas comúns das entidades, e ten capacidade de incidencia política e social para a erradicación da pobreza e a exclusión social desde un **enfoque de dereitos**”.*

b. Misión.

A declaración de Misión describe o concepto da organización, a natureza dos nosos servizos, o porqué estamos nel, a quen servimos e os valores baixo os cales pretendemos funcionar.

MISIÓN.



“EAPN Galicia-Rede Galega Contra a Pobreza é unha organización non lucrativa, que reúne ás Entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia implicadas na loita contra a pobreza a exclusión e a desigualdade social e de xénero. Que traballa polas mesmas causas, desde un enfoque de dereitos pola defensa dos intereses das persoas en situación ou risco de pobreza e da súa participación comunitaria plena, mediante a incidencia política e social propositiva.”


6. LIÑAS E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

Unha vez analizado o contexto interno e externo, fixada a visión e misión e establecidos os ámbitos de intervención de EAPN Galicia, pasamos a fixar as liñas e obxectivos estratéxicos.

Unha **liña estratexia** é un camiño, que indica e expón como alcanzar a nosa misión e mostra os ámbitos considerados fundamentais por EAPN-Galicia, para situar os seus obxectivos. Os cales, a súa vez, concretan os resultados que son precisos acadar para desenvolver as liñas estratéxicas e acadar ou posicionamento descrito na misión e visión. En definitiva, son os puntos de referencia fundamentais non proceso de operativización dá formulación estratéxica.

O Plan Estratéxico de EAPN Galicia para o período 2016-2019, contempla:

→ **4 Liñas Estratéxicas:**



→ 5 Obxectivos Estratéxicos:

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.

SER INTERLOCUTOR DE REFERENCIA CON
CAPACIDADE DE INCIDENCIA EN POLÍTICAS SOCIAIS.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.

PROMOVER UNHA PARTICIPACIÓN IGUALITARIA
DA BASE SOCIAL E DAS PERSOAS EN POBREZA
OU EXCLUSION EN EAPN.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.

LIDERAR O PROCESO DE ARTICULACIÓN DO TERCEIRO
SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL EN GALICIA.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.

PROMOVER O RECOÑECIMENTO DO
TERCEIRO SECTOR DE ACCION SOCIAL (TSAS)
COMO ACTOR BÁSICO.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.

CONSOLIDAR A ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DA REDE
E DALA A COÑECER NO EIDO LOCAL.

Os cales se fan operativos a través dos seguintes resultados e accións:

CADRO: LIÑAS ESTRATÉXICAS EAPN-GALICIA 2016-19				
LIÑA ESTRATÉXICA	OBXECTIVOS 2016 – 2019	RESULTADOS 2016 – 2019	ACCIÓNS	RESPONSABLES
<u>L.E.1 INCIDENCIA POLÍTICA, SOCIAL E DIÁLOGO CIVIL</u>	O.E.1. Ser interlocutor de referencia con capacidade de incidencia en políticas sociais	R.1.1. Establecidas novas alianzas con universidades, colexios profesionais, entidades de economía social e solidaria, medios de comunicación e axentes sociais.	A.1.1. Actualización das alianzas susceptibles de seren desenvolvidas: universidades, colexios profesionais, entidades de economía social e solidaria e medios de comunicación. A.1.2. Acercamento a Universidade para o establecemento dunha aula de formación en intervención social "emancipadora" e Inclusión activa.	Xunta Directiva. Dirección
		R.1.2. Asentado e fortalecido o espazo para a difusión da mensaxe da Rede á opinión pública.	A.1.3. Establecer un Plan de Comunicación compartido entre as entidades de EAPN Galicia. A.1.4. Desenvolver accións formativas para dotar e capacitar as entidades sociais no uso de ferramentas que permitan enriquecer a súa mensaxe cunha linguaxe clara, accesible e motivadora. A.1.5. Desenvolver unha difusión proactiva da Guía de Medios e Código de Conduta nos medios (xornalistas, directores, xefes redación) A.1.6. Incidir en medios de comunicación locais co discurso autonómico EAPN Galicia e reforzando as entidades locais. A.1.7. Desenvolver actuacións e campañas de comunicación aproveitando sinerxias e traballo en rede. Con discurso de inclusión activa, defensa de causas comúns e dialogo civil, enfoque de xénero e recoñecemento da diversidade sexual. A.1.8. Elaborar documento de criterios éticos de intervención social compartidos por entidades membro e	Dirección Grupo de Comunicación. Grupo Ad-hoc

			posible incorporación a estatutos.	
		R.1.3. Incrementada a participación activa en foros de diálogo civil.	A.1.9. Desenvolver o Foro sobre pobreza e exclusión social, e realizar o I Congreso TSAS Galicia. A.1.10. Procura de apoios especializados (expertos) para ter presenza en foros de interese (Comités Seguemento FFEE e Consello Galego Benestar). A.1.11. Solicitar a entrada no Consello Económico e Social.	Xunta directiva. Dirección.
		R.1.4. Acadados maiores niveles de interlocución política e técnica	A.1.12. Elaborar Posicionamentos temáticos para os ámbitos de actuación referentes a “consecución dunha vida digna”, asegurando coordinación: Inclusión Social e Benestar, Vivenda, educación, sanidade e emprego. A.1.13. Promover a creación de Grupos Ad-hoc temáticos. A.1.14. Realizar accións de incidencia a nivel técnico e político no ámbito da Admon Autonómica (incluíndo consorcio de igualdade e benestar) e vía FEGAMP (nivel local), en base a discurso autonómico de coordinación e compromiso. Iniciar diálogo con Deputacións. A.1.15. Realizar e/ou participar en estudos, informes ou investigacións sobre temas inherentes ou relacionados coa pobreza e a exclusión. A.1.16. Implicar a o nivel político e técnico das entidades da rede, nas accións de incidencia que desenvolva a rede.	Xunta Directiva. Dirección. Grupo Ad-hoc
<u>L.E.2.</u> <u>PARTICIPACIÓN E</u> <u>BASE SOCIAL.</u>	O.E.2. Promovida unha participación igualitaria da base social e das Persoas en Pobreza ou Exclusión en EAPN.	R.2.1. Avaliadas as posibilidades de participación da base social das entidades socias nas actividades de EAPN-Galicia.	A.2.1. Elaborar diagnóstico de posibilidades de participación da base social das entidades socias en EAPN-Galicia. A.2.2. Desenvolver formación técnica a entidades sobre diálogo e participación das bases socias. A.2.3. Implementar un programa de accións susceptibles de participación da base social das entidades pertencentes á rede.	Dirección. Grupo Participación

		R.2.2. Establecidos espacios para a participación das persoas en risco de Pobreza e Exclusión.	A.2.4. Organizar Foro TSAS específico para coñecer modelos de participación, boas prácticas, autoorganización e resolución de conflitos das persoas en situación de exclusión. A.2.5. Desenvolver Encontro de participación. A.2.6. Día da Pobreza. Descentralizar a redes locais.	Dirección Grupo de participación
<u>L.E.3.</u> <u>RECOÑECEMENTO E</u> <u>ARTICULACIÓN DO</u> <u>TERCEIRO SECTOR</u>	O.E.3 Liderado o proceso de articulación do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) en Galicia.	R.3.1. Incorporadas novas entidades á Rede no ámbito da pobreza e exclusión social.	A.3.1. Comunicación do valor da rede a entidades de interese. A.3.2. Establecemento de criterios básicos para a integración e desvinculación de entidades da rede. (Cumplimento Código Conduta).	Grupo de Comunicación. Dirección
		R.3.2. Fortalecidas as entidades pertencentes a rede.	A.3.3. Establecemento de programa formativo orientado ás necesidades das entidades da rede (Xénero, enfoque de dereitos, outros), impulsadas polos Grupos de Traballo. A.3.4. Promover mecanismos de información interna sobre actividades de interese para entidades de EAPN.	Dirección. Grupos de traballo. Grupo de Comunicación.
		R.3.3. Promovida a difusión de servizos entre entidades membro da Rede.	A.3.5. Fomentar espazos físicos de coñecemento e intercambio de boas prácticas e experiencias.	
	O.E.4. Promovido o recoñecemento do TSAS como actor básico.	R.3.4. Recoñecemento legal do diálogo civil e do Terceiro Sector de Acción Social como actor básico na prestación de servizos sociais.	A.3.6. Elaborar I Informe TSAS Galicia das entidades que están na rede, e dos servizos que prestan. A.3.7. Incidir por unha lei do TSAS Galicia.	Dirección
		R.3.5. Promovida unha contratación pública socialmente responsable.	A.3.8. Proposta iniciativas financiamento público a medio e longo prazo baseado en impacto e calidade (non so subvencións puntuais) A.3.9. Incidir na implantación dunha contratación pública socialmente responsable, axustada a normativa laboral, cláusulas e concertos sociais, emprego protexido, etc.	

<p><u>L.E.4.</u> <u>FORTALECEMENTO</u> <u>ORGANIZATIVO</u></p>	<p>O.E.5. Consolidada a estrutura organizativa da Rede e dala a coñecer a no eido local.</p>	<p>R.3.6. Fomentada a interiorización da identidade da rede por parte de todas entidades que forman parte da mesma. (sentido de pertenza: enfoque de dereitos, igualdade de xénero, causas comúns).</p>	<p>A.4.1. Realización de accións de difusión das causas comúns, principios e valores de EAPN-Galicia.</p>	<p>Dirección Xunta Directiva Grupo Comunicación</p>
		<p>R.4.1. Optimizada a efectividade dos Grupos de traballo.</p>	<p>A.4.2. Desenvolver unha avaliación continua do realizado polos grupos de traballo para a mellora do seu funcionamento.</p> <p>A.4.3 Difundir o labor dos grupos de traballo entre as entidades da rede para promover a súa participación e asegurar a pluralidade de colectivos.</p> <p>A.4.4. Promover a participación de expertas de colectivos cos que se teñan alianzas ou interlocucións (universidades, Colexios oficiais, medios de comunicación, economía solidaria, etc) .</p>	<p>Xunta Directiva. Dirección Grupos de traballo</p>
		<p>R.4.2. Mellorada a xestión e dinamización da Rede.</p>	<p>A.4.5. Establecer na Dirección dous postos de traballo: dirección e outro con perfil investigación.</p> <p>A.4.6. Asegurar financiamento para subcontración xestión administrativa, comunicación (medios comunicación e redes) e asesoramento xurídico.</p> <p>A.4.7. Promover a incorporación de voluntariado para o apoio a xerencia da rede.</p> <p>A.4.8. Promover planificación operativas con entidades locais para o desenvolvemento de accións no local (descentralización de accións). Ex. Día Pobreza, X Solidaria.</p>	<p>Dirección</p>
		<p>R.4.3. Mellorada a comunicación da Rede coas súas entidades membro.</p>	<p>A.4.9. Elaborar un plan de comunicación interna: Definir estrutura de comunicación con entidades adscritas a federacións membro EAPN, difusión articulada para que chegue a nivel local.</p> <p>A.4.10. Fortalecer o uso das TIC,s para compartir información, crear mecanismos/espazos de coordinación e</p>	<p>Grupo de Comunicación. Dirección</p>

			unha mellor comunicación interna.	
		R.4.4. Asegurado o financiamento para o sostemento da estrutura	A.4.11. Facturación por servizos EAPN Galicia/mentoring persoal entidades membro. A.4.12. Establecer novas vías de financiamento coa Xunta de Galicia, sen incurrir en competencia coas entidades da rede.	Dirección. Xunta Directiva
		R.4.5. Desenvolvida una política de transparencia en consonancia coa establecida por EAPN-España.	A.4.13. Realizar e implementar un Plan de Transparencia que oriente as acción e traballo de EAPN-Galicia e as entidades membro. A.4.14. Establecer un Plan de equidade entre homes e mulleres e de garantía da diversidade que oriente as accións e traballo de EAPN-Galicia e as súas entidades membro.	Dirección. Grupo Ad hoc de xénero.

7. SISTEMA DE SEGUIMIENTO E EVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO 2016 – 2019.

Durante a vixencia do Plan levará a cabo unha **avaliación intermedia e final do mesmo**, que terá como finalidade o servir para a identificación de futuras estratexias ou o axuste e revisión das que se puxeron en marcha.

Para o adecuado seguimento do Plan **crearase unha Comisión de Seguimento** que se reunirá unha vez cada ano para valorar a marcha da súa implantación. A composición da comisión deberá dar cabida aos diferentes membros das entidades socias, dirección e Xunta Directiva. Así mesmo, dita comisión deberá emitir un informe de cada unha das reunións anuais que leve a cabo, nos cales se deberá recoller o avance da implementación do Plan.

O seguimento que leve a cabo a Comisión servirá de base para a avaliación intermedia e final, e esta última servirá de base para a seguinte Planificación Estratéxica.

O seguimento débenos permitir coñecer en cada momento a situación da implementación do noso Plan, detectar desviacións e facilitar a toma de decisións para reorientar a acción da rede cara ao logro dos obxectivos propostos no vindeiros anos.

Os resultados obtidos na avaliación do Plan, atendendo a criterios de transparencia e rigor, serán publicados na páxina web da organización.

A relación de indicadores e fontes de verificación para o seguimento e avaliación do Plan Estratéxico 2016- 2019 son os seguintes:

CADRO: INDICADORES E FONTES DE VERIFICACIÓN DO PLAN.				
LIÑA ESTRATÉXICA	OBXECTIVOS 2016 – 2019	RESULTADOS 2016 – 2019	INDICADORES	FONTES DE VERIFICACION
<u>L.E.1 INCIDENCIA POLÍTICA, SOCIAL E DIÁLOGO CIVIL</u>	O.E.1. Ser interlocutor de referencia con capacidade de incidencia en políticas sociais	R.1.1. Establecidas novas alianzas con universidades, colexios profesionais, entidades de economía social e solidaria, medios de comunicación e outros axentes.	<ul style="list-style-type: none"> Ao final do Plan Estratéxico (PE) consolídanse al menos 4 produtos/accións dos establecidos nas novas alianzas coas entidades de interes 	<p>Convenios firmados.</p> <p>Memoria das actividades/productos consolidados</p>
		R.1.2. Asentado e fortalecido o espazo para a difusión da mensaxe da Rede á opinión pública	<ul style="list-style-type: none"> No segundo ano de execución do plan, o 50% das mensaxes externas emitidas pola rede, presentan unha linguaxe sinxela e de lectura fácil (definidas no plan de comunicación). Ao final do plan incrementábase nun 30% (con respecto ao 2014) a presenza de EAPN Galicia en medios de comunicación xeral e alternativos relativos á acción social. Ao final do plan, incrementábase nun 100% as persoas seguidoras do Twitter e Facebook de EAPN-Galicia. Ao longo do plan, desenvólvense a lo menos 3 accións anuais compartidas de campañas - comunicación con discurso inclusión, causas comúns e dialogo civil. 	Dossier de comunicación
		R.1.3. Incrementada a participación activa en foros de diálogo civil.	<ul style="list-style-type: none"> Ao longo da execución do plan presentáronse polo menos 3 propostas elaboradas co apoio de expertos/as nos foros de diálogo civil de interese (comité de seguimento FFEE e Consello Galego do Benestar). 	Documentos propostas Rexistros de entrega das propostas
		R.1.4. Acadados maiores niveles de interlocución política e técnica	<ul style="list-style-type: none"> Na planificación anual, estableceranse os alcances e metas anuais respecto dos obxectivos de incidencia da Rede, cumpríndose polo menos o 60% das metas establecidas. 	<p>Documento do plan de incidencia</p> <p>Memoria de execución de documentos posicionamento</p>

CADRO: INDICADORES E FONTES DE VERIFICACIÓN DO PLAN.				
LIÑA ESTRATÉXICA	OBXECTIVOS 2016 – 2019	RESULTADOS 2016 – 2019	INDICADORES	FONTES DE VERIFICACION
<u>L.E.2.</u> <u>PARTICIPACIÓN E</u> <u>BASE SOCIAL.</u>	O.E.2. Promovida unha participación igualitaria da base social e das Persoas en Pobreza ou Exclusión en EAPN.	R.2.1. Avaliadas as posibilidades de participación da base social das entidades socias nas actividades de EAPN-Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> No segundo ano de execución do plan o 60% das entidades socias identifican polo menos unha nova acción de participación activa da súa base social en EAPN-Galicia.. 	Programa de accións de participación da base social en EAPN-Galicia.
		R.2.2. Establecidos espazos para a participación das persoas en risco de Pobreza e Exclusión (PEP).	<ul style="list-style-type: none"> Ao longo da execución do plan realízanse polo menos 4 actividades de participación da base social cunha participación igualitaria de homes e mulleres PEP (50%-50%). 	Actas de asistencia das accións desenvolvidas.
<u>L.E.3.</u> <u>RECOÑECEMENTO E</u> <u>ARTICULACIÓN DO</u> <u>TERCEIRO SECTOR</u>	O.E.3 Liderado o proceso de articulación do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) en Galicia.	R.3.1. Incorporadas novas entidades á Rede no ámbito da pobreza e exclusión social.	<ul style="list-style-type: none"> O 100% das novas entidades que se integran en EAPN-Galicia ao longo do Plan Estratégico cumpren co código de conduta 	Actas de inscrición das novas entidades.
		R.3.2. Fortalecidas as entidades pertencentes a rede.	<ul style="list-style-type: none"> Ao finalizar o plan desenvolvéronse 4 accións formativas para as entidades socias, cunha participación do 70% das entidades membro. A valoración das accións formativas por parte do alumnado asistente é cualificada como boa nas enquisas de satisfacción. 	Actas de asistencia das accións formativas. Enquisas de satisfacción da formación.
		R.3.3. Promovida a difusión de servizos entre entidades membro da Rede.	<ul style="list-style-type: none"> Anualmente realízase 1 sesión de intercambio (presencial ou dixital) para a optimización de recursos entre as entidades da rede. 	Registro de sesións de traballo realizadas.
	O.E.4. Promovido o recoñecemento do TSAS como actor básico.	R.3.4. Recoñecemento legal do diálogo civil e do Terceiro Sector de Acción Social como actor básico na prestación de servizos sociais.	<ul style="list-style-type: none"> Ao finalizar o plan, adaptouse a normativa galega ao nivel de recoñecemento fiscal e xurídico do diálogo civil e do TSAS existente na Lei do 3º Sector a nivel estatal ou ao nivel autonómico conseguido en Euskadi. 	Documento proposta e aprobación da nova normativa.

CADRO: INDICADORES E FONTES DE VERIFICACIÓN DO PLAN.				
LIÑA ESTRATÉXICA	OBXECTIVOS 2016 – 2019	RESULTADOS 2016 – 2019	INDICADORES	FONTES DE VERIFICACION
		R.3.5. Promovida unha contratación pública socialmente responsable.	<ul style="list-style-type: none"> Ao finalizar o plan estableceuse un acordo coa Xunta de Galicia, que permita brindar a posibilidade de que varios sectores de persoas en risco de exclusión teñan dispoñibles ferramentas de financiamento a medio lagro prazo (convenio, concerto social, concurso). 	Docuento de acordo asignado e aprobado.
<u>L.E.4.</u> <u>FORTALECEMENTO ORGANIZATIVO</u>	O.E.5. Consolidada a estrutura organizativa da Rede e dala a coñecer a no eido local.	R.4.1. Fomentada a interiorización da identidade da rede por parte de todas entidades que forman parte da mesma. (sentido de pertenza: enfoque de dereitos, igualdade de xénero, causas comúns).	<ul style="list-style-type: none"> Ao longo da execución do plan desenvólense un total de 4 accións de difusión dos principios e valores do plan estratéxico 2016-19, ao que asisten polo menos o 60% das entidades socias. 	Rexistro de accións de difusión. Número de asistencia, visitas a espazos web.
		R.4.2. Optimizada a efectividade dos Grupos de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Incrementábase a participación de entidades membro (polo menos o 80% das entidades participan nos grupos de traballo) nos grupos de traballo da rede. A valoración dos/as participantes (70%) nos grupos de traballo sobre o seu funcionamento e utilidade é cualificada como boa 	Enquisa de valoración sobre o traballo da rede.
		R.4.3. Mellorada a xestión e dinamización da Rede.	<ul style="list-style-type: none"> Ao final do plan o 70% das accións programadas serán levadas a cabo e contarán cunha avaliación. 	Memoria de actividade anual de EAPN-Galicia
		R.4.4. Mellorada a comunicación da Rede coas súas entidades membro.	<ul style="list-style-type: none"> Ao finalizar o plan o 70% das entidades de EAPN-Galicia, están satisfeitas coa comunicación interna da rede. 	Enquisa de valoración sobre o traballo da rede.
		R.4.5. Asegurado o financiamento para o sostemento da estrutura	<ul style="list-style-type: none"> Ao finalizar o primeiro ano de execución do plan teranse identificadas oportunidades de financiamento alternativas ao IRPF de acordo a criterios de independencia e neutralidade na labor da rede. Ao finalizar o plan conséguese a signatura do convenio de financiamento coa Xunta de Galicia. EAPN-Galicia conta con polo menos un financiamento 	Documento de identificación de novas alternativas de financiación. Convenio firmado coa Xunta de Galicia. Rexistro de ingresos do

CADRO: INDICADORES E FONTES DE VERIFICACIÓN DO PLAN.				
LIÑA ESTRATÉXICA	OBXECTIVOS 2016 – 2019	RESULTADOS 2016 – 2019	INDICADORES	FONTES DE VERIFICACION
			do 15% de cotas e fondos privados	finanzamento EAPN-Galicia.
		R.4.6. Desenvolvida una política de transparencia en consonancia coa establecida por EAPN-España.	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de transparencia aprobado ao final do plan. • Plan de igualdade e garantía da diversidade aprobado antes do segundo ano do plan. 	Acta aprobación Asemblea Xeral dos planes de transparencia e igualdade.

